

José Manuel Rodríguez: “A realidade é que saímos de cero e hoxe estamos nun territorio cun nome e cunha dimensión internacional. As cousas fixéronse con traballo e cumprindo as normas”

O Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra está inmerso nun proceso electoral que culminará o 19 de febreiro coa celebración das eleccións. Este venres quen viña exercendo como Presidente desde os seus inicios, xa como Viños da Terra no 1993, **José Manuel Rodríguez González**, ofrecía unha rolda de prensa para anunciar que non se presenta en ningunha lista e polo tanto a súa **despedida como Presidente**.

Nos últimos tempos ténselle acusado de non cumprir as normas e non ter convocado plenos do Consello Regulador, hoxe acreditaba a transparencia do seu traballo, “Deixo de ser presidente e de min dixéronse un montón de cousas que son mentira. Presento unha resolución que avala o que dixeran, pasados os 4 anos de mandato estabamos en periodo de prórrogas, e así non se podían convocar plenos (de moción de censura)”, asegura José Manuel Rodríguez. “Sempre fixen todo o traballo dentro da legalidade e houbo outra xente que non estivo dentro da legalidade, pregúntenlle a eles porque non fixeron o que tiñan que facer e refírome tamén á AGACAL e á súa Consellería.”

“Agora hai unha elección e hai unhas listas, nesas listas hai uns señores que falan isto, incumpriron isto e fixeron estas propostas, baixar o grao, baixar os controis. Hai xente nestas listas que apoia que todo o Val de Lemos sexa unha viña e que se saquen os viñedos das ribeiras e se pasen para os llanos,... que expliquen eles porque queren estas cousas. Agora vai haber unhas eleccións, cada un que explique as súas posturas, pero claramente, poñendo as cousas enriba da mesa e aproveitar para clarificar posturas en lugar de contar milongas”, afirma Rodríguez.

José Manuel Rodríguez fai este anuncio agora “porque me xubilo e de min dixéronse verdadeiras barbaridades. Ata agora era Presidente dun Consello e tiña que manter a calma e a tranquilidade cando outros non facían o que tiñan que facer.”

“Quédame a satisfacción do deber cumprido”

Ata o momento hai dúas candidaturas oficialmente presentadas neste proceso electoral e José Manuel Rodríguez de 66 anos non aparece en ningunha, atrás quedan 3 décadas adicadas ao viño e a este territorio, “Quédame a satisfacción do deber cumprido. Dixeran



NOTA DE PRENSA 27 de xaneiro 2023

que traería o barco a porto e fíxeno. Un traballa para facer as cousas da mellor maneira e os resultados están aí, son bos, que como todas as cousas son matizables, valorables, pois si, pero a realidade é que saímos de cero e hoxe estamos nun territorio cun nome, cunha dimensión internacional e todo isto se se plantexa hai 30 anos soaba a cousas de tolos. Hoxe existe porque se fixo un traballón para que isto sexa así. Só fun un máis dos que traballou nisto, un participante de que isto sexa o que é.”

José Manuel Rodríguez asegura que a nova presidencia dirixirá o futuro da D.O., desexa que se, “traballe honradamente polo territorio, sen ideoloxías nin cousas preconcebidas para seguir adaptándoa á realidade que vivimos, non hai nada máis que traballo e traballo. Cambiar o modelo de viticultura da Ribeira Sacra, queremos iso?”

Nota: A R.P. pódese consultar completa en vídeo desde este mediodía no [blog da D.O. Ribeira Sacra, ribeirasacra.org](https://blog.da.d.o.ribeirasacra.org).

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org